



CONVOCATORIA PARA PROPOSTA DE SINATURA DE NOVOS ACORDOS ERASMUS+ INTERINSTITUCIONAIS

A Oficina Internacional da EASD Mestre Mateo ten intención de firmar **novos acordos interinstitucionais** con **universidades e escolas superiores estranxeiras** co obxectivo de que tanto o **alumnado** coma o **profesorado** poida gozar de bolsas Erasmus+ en centros que sexan do seu interese.

Para este fin, ábrese un prazo **até o día 12 de xaneiro** (incluído) para que as persoas interesadas localicen escolas superiores e universidades estranxeiras e remitan o formulario cumplimentado (Anexo I) á Oficina Internacional a través do correo erasmus@easd.es

Condicóns:

1. O centro de estudos proposto debe formar parte da Unión Europea¹.
2. Debe ser un centro de estudos no que se imparta algúns dos estudos da Escola, no mesmo nivel e especialidade, e que estea tamén en posesión da Carta Erasmus de Educación Superior².
3. A Oficina Internacional resérvase o dereito de aceptación ou denegación do acordo interinstitucional no caso de que as condicións non sexan de proveito para a Escola.
4. Só se admitirá unha proposta por persoa.

¹ Bélxica, Bulgaria, Chequia, Dinamarca, Alemaña, Estonia, Irlanda, Grecia, España, Francia, Croacia, Italia, Chipre, Letonia, Lituania, Luxemburgo, Hungría, Malta, Países Baixos, Austria, Polonia, Portugal, Rumanía, Eslovenia, Eslovaquia, Finlandia, Suecia.

² Ligazón de descarga da Carta Erasmus da EASDMM:

https://easd.es/wp-content/uploads/2021/07/Erasmus_Charter_for_Higher_Education.pdf